

INSTRUCCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DIRECTA DA AMPLIACIÓN DA AXUDA PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR REGULADA NA ORDE DO 29 DE ABRIL DE 2022

No Diario Oficial de Galicia do día 14 de outubro de 2022 está previsto que se publique a Resolución do 5 de outubro de 2022 de concesión directa da ampliación da axuda para adquirir material escolar, regulada na Orde do 29 de abril de 2022.

Nesta resolución establécese que os beneficiarios do vale para adquirir material escolar por importe de 50€ recibirán un vale adicional de 25€. Así mesmo, o alumnado que se incorpore a un centro docente sostido con fondos públicos ao longo do curso escolar e ata o 31 de marzo de 2023, que perciba a axuda para adquirir material escolar da Orde do 29 de abril de 2022, tamén percibirá esta ampliación.

A resolución dispón que as familias poden recoller o vale de 25€ nos centros docentes a partir do día seguinte (hábil) ao da publicación no DOG. Para estes efectos, a aplicación informática Fondolibros permitirá xerar os vales desde esa data.

Estes vales poderanse xerar no menú da aplicación "Vales de libros e material" da seguinte forma:

- De xeito individual: "Xerar vale de solicitude".
- De xeito masivo para todo o alumnado do centro: "Xerar vales pendentes".
- Por grupos: "Xerar vales pendentes por grupo".

No caso de xeración masiva dos vales pendentes ou da xeración por grupos, hai que ter en conta que se existe algún vale pendente de xerar de 50€ tamén aparecerá cando xeren os de 25€.

Cando entreguen o vale ás familias, os centros deberán indicar que o vale debe empregarse preferentemente na librería/establecemento antes do 1 de decembro de 2022.

Ao igual que sucede cos vales de libros de texto e material escolar de 50€, o centro deberá levar un control dos vales que entrega ás familias xa que no suposto de extravío pola familia ou pola librería, nunca se expedirá un duplicado.

No caso do alumnado trasladado o vale de 25€ xerarao o centro de destino, con independencia de onde se lle entregara o vale de 50€.

Para calquera dúbida ou aclaración os teléfonos de contacto son:

981 546521

981 547301

881 997385

881 996513

Santiago de Compostela.

O director xeral de Centros e Recursos Humanos.

Jesús Manuel Álvarez Bértolo.

